

«Manuel María é todo un océano»

[Patricia Blanco](#) Carballo / La Voz

Mercedes Queixas vén de publicar «Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María»

04 mar 2016

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2016/03/04/manuel-maria-e-oceano/0003_201603C4C7992.htm

Hai xa uns días que *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María* (Galaxia) anda polas librarías. A nova obra (coral, como ten dito ela) de Mercedes Queixas Zas fai un convite dende os andeis. Durante uns dous meses, logo da invitación da editorial, o libro estivo buscando forma na cabeza da autora. Despois chegou a escrita mesma. De cara ao 17 de maio, a idea é que «a xente xa vaia facendo os deberes», ri. Este ano, as Letras Galegas son para el, para Manuel María (1929-2004), o home e escritor de Outeiro de Rei.

-Todo un reto, parece, este traballo sobre Manuel María, no ano no que se lle dedican as Letras.

-Unha ilusión e unha satisfacción. A Manuel María adóroo como poeta e admíroo como persoa. Vida e obra camiñan xuntas. O reto era grande, porque foi un autor prolífico, completo. A súa vida foi vivida intensamente. Con Manuel María resultaba posible un volume enciclopédico, pero un libro de divulgación, con páxinas limitadas, non me foi doado.

-Logo tería que seleccionar.

-Intentei facer unha liña no tempo onde sobranceasen aspectos determinantes para unha primeira achega a el. Tiña unha pequena vantaxe: a súa obra xa a tiña traballado con anterioridade. Nunca chegara a poñelo por escrito, pero si a tiña lida, e volvo a ela periodicamente. Iso axuda a escolmar: tiña como varias antoloxías persoais, miñas, cos libros moi marcados. É un autor que tiven a sorte de tratar en persoa, sobre todo na última parte da súa vida, cando veu vivir á Coruña: para nós era un veciño máis, tiña unha participación social e un estar na cidade moi importante. Manuel é un autor moi grande, todo un océano.

-¿Cre que somos conscientes do papel que xogou Manuel María?

-Creo que lle acontece como aos grandes autores, aos que logo chamamos clásicos. Medran e empezamos a velos dunha maneira totalizadora unha vez que non están e hai ese distanciamento físico e temporal. As grandes obras son aquelas que se sosteñen no tempo, que

volves a elas e seguen tendo peso e incluso gañan presenza, comunicación. Á obra de Manuel pásalle iso e sabiamos que lle ía pasar iso: é moi completa, moi de raíz, que nace dende o máis local, o máis próximo, e que se vai ensanchando a todos os círculos da vida. É universal, unha obra dun tempo, dun país, pero tamén unha obra que vai máis alá dun tempo do propio país.

-¿Iniciará agora unha xira? ¿Ten previsto visitar a Costa da Morte?

-Polo momento, para esa zona, non teño nada previsto, mais agardo que si. Estamos preparando a axenda da editorial e recibo moitos convites. A veces penso que vou repetir o ronsel de Manuel. É raro o lugar do país, concello ou colectivo que non teña unha lembranza del. Un dos seus lemas era andar a terra toda, para coñecela, explicarse e explicala. El non está, pero segue presente. O del era un camiñar incesante, era profundamente querido, o cal explica a popularidade da súa obra, como o pobo a asimilou e a fixo súa, para recitala de memoria, cantala, musicala. Iso converteuno nun autor popular, como foi primeiro Rosalía, Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro. Moita xente canta e non sabe que está cantando un poema de Manuel María.

-¿Fai falta máis divulgación?

-Sempre. A Manuel María hai que lelo. Calquera que se achegue á súa obra vai ficar prendido. É unha tentación. Convido a todos a caer nela.

-¿Podería quedar cunha obra?

-Gusto de todo, especialmente da poesía, mais non podemos esquecer o corpus narrativo, o dramático, o ensaístico. Atendeu a todo. Gústame poñer en valor como soubo dar resposta a unha necesidade: crear poesía para o público infantil e xuvenil. É iniciadora esa edición, no 68, de *Os sonhos na gaiola*. Ou *As rúas do vento ceibe*. Para min, ademais, é o dono da máis fermosa poesía amorosa, grande descoñecida e belísima, sempre con Saleta Goi [a viúva] no fondo. Gústame o poeta da terra, reivindicativo e social, que chama á realidade polo nome e lle dá voz a quen máis se lle nega. Poeta satírico e humorístico, de fina ironía, sarcástico.

-O primeiro exemplar, para Saleta.

-Foi para ela, si, tiña que selo. Axudoume moito na construción da obra. Cónstame que lle fai ilusión, como todo o que se lle dedica a Manuel. É xenerosa, coma el, sempre a disposición dos que queremos estudalo, difundilo e popularizalo máis.